

XUNTOS FACEMOS MÁIS POR OSEIRO

Oseiro e Sol y Mar continuaron a súa modernización nos últimos anos con centros sociais, parques e áreas recreativas que facilitan a vida no día a día tanto aos veciños propios da parroquia como aos seus visitantes.

FEITOS

- ✓ **CENTRO SOCIAL DE OSEIRO.** Un edificio de 300 metros cadrados para todo tipo de actividades, que conta ademais cunha zona verde anexa na que hai xogos infantís e aparellos biosaludables, con prazas de aparcamento habilitadas.
- ✓ **REFORMA DO CENTRO SOCIAL SOL Y MAR.** Ampliáronse as salas multiusos e renovouse a fachada dun edificio que conta con espazos para actividades, oficinas e almacén, ademais de zona de aseos.
- ✓ **TRASLADO E REFORMA DA FONTE DO ABADE.** O Concello de Arteixo afastou da estrada este elemento patrimonial para situalo como punto central dunha nova zona de ocio na parroquia. Empregáronse as técnicas axeitadas supervisadas por unha arqueóloga para evitar desperfectos e para a súa reforma.
- ✓ **PARQUE NO BARRIO SOL Y MAR.** Renovación da entrada do barrio con zona verde, mobiliario urbano e camiños para o tránsito a pé co obxectivo de xerar un espazo público para os veciños.
- ✓ **NOVA PRAZA DE GALÁN.** Carlos Calvelo recuperou a funcionalidade desta praza cunha distribución en grandes terrazas con zona de descanso conectadas entre elas e diferentes ramplas que permiten resolver as antigas barreiras arquitectónicas da zona.
- ✓ **MIRADOR NA RÚA LOPE DE VEGA.** O Concello habilitou unha zona verde na parte alta de Sol y Mar que completa o entorno dun miradoiro que serve como punto de encontro e espazo de ocio para os veciños.
- ✓ **AMPLIACIÓN DO VIAL AO COLEXIO DE GALÁN.** Agrandouse a calzada e tamén as beirarrúas para favorecer o tránsito rodado e peonil. Creáronse dúas zonas de aparcamento, incluída unha con espazo suficiente para que os buses escolares poidan manobrar.
- ✓ **RENOVACIÓN DO ABASTECIMENTO EN OSEIRO.** Actuación para garantir o sistema de subministración de auga na parroquia e mellorar o a rede xeral na zona.

PROXECTOS

- ✓ **NOVA ZONA DEPORTIVA.** Construirase un novo campo de fútbol máis moderno para substituír o anterior como parte dun gran complexo que contará tamén con pavillón polideportivo.
- ✓ **CUBRICIÓN DA PISTA E CAMPO DE FÚTBOL DE GALÁN.** Está previsto cubrir a actual pista deportiva e o campo de céspede artificial para que poidan ser empregados durante todo o ano sen que influan factores meteorolóxicos.
- ✓ **NOVA BIBLIOTECA EN SOL Y MAR.** A reforma do centro social completárase cunha nova fase. O traslado da biblioteca, ata o de agora integrada no propio edificio, a un local anexo que adquiriu o Concello para mellorar as instalacións tanto en tamaño como en comodidade.
- ✓ **NOVO LOCAL PARA A ASOCIACIÓN DE VECIÑOS.** Cunha actuación similar á anterior, tamén se habilitará un local na zona do centro cívico para que a asociación de veciños leve a cabo as súas actividades.
- ✓ **HUMANIZACIÓN DA TRAVESÍA DE SABÓN E RÚA SANTIRSO.** Calvelo poñerá en marcha un proxecto para controlar a velocidade do tránsito rodado e aumentar as medidas de seguridade para os veciños coa creación dunha plataforma única nas rúas do contorno da igrexa de Oseiro.
- ✓ **DECLARAR A ALDEA DE OSEIRO COMO ARI.** Concello de Arteixo pedirá que se declare a aldea de Oseiro como Área de Rehabilitación Integral (ARI) por parte da Xunta, para que os propietarios das vivendas poidan acceder a axudas directas para rehabilitar e mellorar as condicións das construcións do barrio.
- ✓ **NOVA ZONA DE OCIO EN FROXEL.** Habilitarase un importante espazo que contará con zona verde, pistas deportivas ao aire libre e un parque infantil.
- ✓ **NOVA SENDA DENDE AVENIDA DA PRAIA ATA A PRAIA DE SABÓN.** Está proxectada unha gran senda peonil habilitando beirarrúas e demais elementos necesarios para permitir o tránsito a pé dende o núcleo urbano de xeito seguro.



1



2



3



4

1. A nova praza de Galán será un elemento central do ocio de Sol y Mar
2. O novo centro social de Sol y Mar dotou de mellores servizos os veciños
3. Calvelo urbanizará as rúas máis cercanas a igrexa de Oseiro
4. Oseiro disfruta de un novo centro social cunha gran zona de ocio arredor